

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E AS ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS, SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA- SIG, ASOCIACIÓN GALEGA DE REPORTEIROS SOLIDARIOS- AGARESO, ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ E A FUNDACIÓN EDUCACIÓN Y COOPERACIÓN- EDUCO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS 2018- 2019"

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

E doutra parte;

Carolina Campos Alvarez con DNI 34898812-S en calidade de Presidenta de Solidariedade Internacional de Galicia con CIF G-36833648 e con capacidade legal para firmar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.

Rocío Cadahía Fernández, con DNI 47358803-D, en calidade de Presidenta da organización AGARESO con CIF G-36589844 e con capacidade legal para firmar convenios, segundo consta no artigo nº 16 dos estatutos da entidade.

Alejandro Quiñoa Casteleiro, con DNI nº 33.338.166-B, en calidade de Delegado de Asamblea de Cooperación por la Paz en Galicia con CIF G-80176845, con capacidade legal para firmar convenio segundo consta no poder número 2.132 firmado o 13 de xullo de 2009 ante o notario José Luis Martínez-Gil Vich.

E Mónica Viqueira Martínez, con DNI 46919702-R en calidade de Delegada en Galicia da Fundación Educación y Cooperación (EDUCO) con CIF G-60541554 e con capacidade legal para firmar convenios, segundo consta no poder especial outorgado no protocolo 1.836 datado o 29 de xuño de 2017 ante o notario D. Tomás Feliú Álvarez de Sotomayor

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos





EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe incentivar a participación social e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de campañas de concienciación, sensibilización e formación sobre a conexión existente entre as dinámicas locais e as desigualdades internacionais e a loita contra a pobreza, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento, e fomentar a creación de redes de traballo conxunto, evitando a dispersión e aumentando a coordinación e concentración de esforzos.

Segundo.- Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

Terceiro.- Que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, alude ás ONGD, como entidades con especial dedicación a actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos mais desfavorecidos, constituíndose como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia nesta materia.

Cuarto.- Que as catro organizacións coas que se asina o presente convenio, Solidariedade Internacional de Galicia (SIG), a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO), Asamblea de Cooperación por la Paz (ACPP) e a Fundación Educación y Cooperación (EDUCO), teñen personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e contan asemade con experiencia e competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento, e de Educación para o Desenvolvemento e a cidadanía global en particular.

Quinto.- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, de 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, foi impulsora en coordinación coa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desta iniciativa no marco do Plan Proxecta que xurde para facilitar a colaboración entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos. É por iso que considera axeitado e conveniente a posta en marcha do proxecto: Cooperación Galega: O mundo que queremos, na súa sexta edición.



A singularidade deste proxecto vén determinada polo feito de formar parte do Plan Proxecta e por ser un proxecto colectivo e participado por varias entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da coordinación establecida entre as entidades destinatarias, a colaboración coas Administracións públicas atendendo aos principios de eficacia, concentración, coordinación e sinerxía, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Sexta.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, Asamblea de Cooperación por la Paz e a Fundación Educación e Cooperación para a execución do proxecto "Cooperación Galega: o mundo que queremos 2018- 2019"

O proxecto ten como obxectivo o fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade da construción da xustiza social.

SEGUNDA.- Obrigas das entidades asinantes

As entidades asinantes do presente convenio deberán:

1. Executar o proxecto referido na cláusula primeira.
2. Aportar 3.691,00€ para a execución do proxecto.
3. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, nas páxinas web oficiais da Xunta de Galicia e nos seus rexistros públicos, consonte co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo





que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, as entidades comprométense a dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Xustificar, previamente ao cobro de calquera dos pagos da subvención, estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. As entidades, conforme co establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta acción.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte á actividades, cronograma, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que instrumentará unha addenda ao convenio que e someterá á autorización do Consello da Xunta no prazo máximo dun mes.
11. De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias asumirán os compromisos de execución do convenio e o importe da subvención será xestionada por cada unha delas, de acordo coa





seguinte distribución: 39.645,72 € por Solidariedade Internacional de Galicia, 14.399,38 € por Agareso, 15.804,90€ por ACPP e 150,00 € por Educo.

TERCEIRA.- Convenio marco de colaboración entre as entidades asinantes

Para garantir a operatividade deste convenio, as tres entidades participantes teñen asinado con data 13 de setembro de 2018 un acordo de colaboración no que fan constar que, a efectos de notificacións, comunicacións, pagamentos e presentación de informes, será Solidariedade Internacional de Galicia quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia, sendo o resto de entidades asinantes responsables solidarias ante ela.

CUARTA.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do custo total do proxecto, que ascende a setenta e tres mil seiscientos noventa e un euros (73.691,00€), aboará a Solidariedade Internacional de Galicia a contía máxima de setenta mil euros (70.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.0 do orzamento vixente para o ano 2018 e do orzamento para 2019, conforme á seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Ano 2018	Ano 2019
05.26.331A.481.0	30.000,00	40.000,00
TOTAL	70.000,00	

As entidades poderán recorrer a terceiras fontes ou a diversos patrocinadores externos, previa consulta á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, pero en calquera caso todo incremento nos custos de execución será a risco e ventura das entidades, quen asumirán os custos asociados aos proxectos derivados da supervisión técnica, para dar fiel cumprimento aos obxectivos do proxecto.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

QUINTA.- Pagamentos anticipados

Trala sinatura do presente convenio e previa petición de Solidariedade Internacional de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro das entidades, a non dispoñibilidade doutras fontes de financiamento que permitan iniciar as actividades, concederá un anticipo pola contía máxima do importe da anualidade correspondente do ano 2018, de acordo co previsto





na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagamentos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentarse, por cada una das entidades asinantes:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas de outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pago da subvención da anualidade 2019 efectuarase mediante pago anticipado, unha vez xustificada a anualidade anterior, ano 2018, e previa petición de Solidariedade Internacional de Galicia. Conforme co establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a primeira anualidade xustificarase dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, coa documentación que se sinala a continuación.

Para a xustificación da anualidade 2018, Solidariedade Internacional de Galicia deberá presentar:

- Informe anual sobre as tarefas realizadas e os resultados obtidos.
- Certificación dos gastos realizados e pagados na anualidade 2018, por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

SEXTA. Xustificación final do proxecto

A xustificación da execución do proxecto efectuarase por parte de Solidariedade Internacional de Galicia nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización das actividades programadas, de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre dentro do exercicio



orxamentario correspondente.

A xustificación final da realización das actividades subvencionadas e da consecución dos obxectivos previstos revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria deberá presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- Unha certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, expedida polo órgano competente da organización.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Unha certificación de gastos do proxecto por partidas orxamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, expedida polo órgano competente da organización.
- Unha declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de cada unha das entidades asinantes.
- Unha relación de todos os gastos efectuados con identificación da data, número da facturas ou dos documentos xustificativos, identificación do emisor dos mesmos, descrición do gasto, importe en euros e data e forma de pago dos mesmos.
- As facturas ou outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, así como a documentación acreditativa dos pagamentos.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que Solidariedade Internacional de Galicia indique, mediante a presentación da certificación expedida pola mesma, na que conste a súa titularidade, non asumindo a Xunta de Galicia os gastos bancarios que se derivasen desta actuación.



A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade, sempre que o importe total das mesmas non supere o custo total do proxecto subvencionado.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Con carácter previo á realización da copia, é obrigatoria a impresión dun selo- dilixencia en todos os documentos orixinais (facturas, recibos ou outros) de gastos. Nela debe figurar «Convenio financiado pola XUNTA DE GALICIA», ano do financiamento e título abreviado do proxecto, indicando ademais o tanto por cento de financiamento que lle imputa a cada financiador. No suposto de documentos de gasto nos que resulte imposible a impresión de tal selo- dilixencia, como consecuencia do seu tamaño, acompañaranse cunha relación dos mesmos en que se faga constar a mencionada dilixencia.

Con carácter excepcional, nos supostos debidamente xustificados e motivados, poderase aceptar a xustificación do pago en efectivo para importes inferiores a 1.000 euros, acompañando xustificante do cobro do provedor, conforme establece o artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Para gastos superiores a 1.000 € non poderán aceptarse pagos en efectivo.

SÉPTIMA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

OITAVA.- Publicidade

As entidades asinantes obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da



Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando as organizacións financiadas exhiban o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

NOVENA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante das entidades asinantes.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Polo desestímulo das entidades asinantes.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

UNDÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2019, incluíndo as actuacións iniciadas dende o mes de xullo de 2018, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e





2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. – Portal de la Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO CUARTA. - Reintegro por incumplimento

Se as entidades beneficiarias incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumplimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

De acordo co que establece o artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 8 de xaneiro, cada unha das entidades beneficiarias responderá dos fondos asumidos para a xestión do proxecto.

Así mesmo, as entidades beneficiarias deberán reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO QUINTA. - Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o





Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por quintuplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

**O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICA E XUSTIZA**



Alfonso Rueda Valenzuela

**POR SOLIDARIEDADE
INTERNACIONAL DE
GALICIA**

**Carolina Campos
Alvarez**

**POR A
ASOCIACIÓN
GALEGA DE
REPORTEIROS
SOLIDARIOS**

**Rocío Cadahía
Fernández**

**POR ASAMBLEA
DE
COOPERACIÓN
POR LA PAZ**

**Alejandro Quiñoá
Casteleiro**

**POR FUNDACIÓN
EDUCACIÓN Y
COOPERACIÓN**

**Mónica Viqueira
Martínez**

Resultado 1. Diseñado, gestionado e executado o plan de coordinación e comunicación entre as ONGD consorciadas, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Plan Proxecta 2018- 2019.

1.1: Xestión e coordinación dos requirimentos da fase inicial e final (memorias) para a participación dentro do Plan Proxecta

1.2: Xestión e coordinación interna das ONGD e entidades participantes

Resultado 2. Facilitados os coñecementos e as ferramentas precisas ao profesorado implicado para a incorporación do discurso da EPD na súa aula ao longo do curso 2018-2019.

2.1: Coordinación e acompañamento aos centros educativos

2.2: Encontro inicial do profesorado e organizacións

2.3: Elaboración de materiais e acompañamento ao profesorado

Resultado 3. Facilitados discursos e ferramentas ao alumnado participante para favorecer vías de denuncia sobre as súas realidades.

3.1: Obradoiro de introdución a conceptos clave: ODS, cooperación internacional e comunicación comunitaria

3.2: Obradoiros de radio e creación audiovisual

3.3: Teatro- foro sobre xénero e migracións

3.4: Encontro con colectivos do Sur

Resultado 4. Ampliada a capacidade de sensibilización do proxecto a través dunha estratexia de comunicación integral.

4.1: Elaboración plan de comunicación propia para o proxecto

4.2: Aumento da participación nas redes sociais propias da franxa de idade do noso alumnado

4.3: Campaña de difusión nos medios de comunicación tradicionais

4.4: Realización dun acto de incidencia en cada unha das vilas dos centros educativos participantes no proxecto

4.5: Divulgación externa do proxecto como experiencia educativa significativa

4.6: Campaña de promoción para dar a coñecer o proxecto nos centros educativos

Resultado 5. Xestionados os coñecementos sobre a experiencia da intervención de cara á aprendizaxe colectiva .

5.1: Avaliación continua e comparativa de todo o proceso de execución do proxecto o mundo que queremos no curso 2018- 2019

5.2: Formación Interna





2.- FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	2018	2019
Axudas de custo, gastos de desprazamento e remuneracións para formacións	7.255,00 €	10.614,11 €
Servizos técnicos. Actividade de educación para o desenvolvemento	---	11.309,71 €
Gastos de persoal	19.301,46 €	14.160,40 €
Avaliación continua do proxecto	1.500,00 €	1.972,23 €
Custes de Xestión	1.943,54€	1.943,55 €
Total financiamento por anualidade	30.000,00 €	40.000,00 €
TOTAL XUNTA DE GALICIA	70.000,00 €	

ACHEGA ENTIDADES ASINANTES	3.691,00 €
-----------------------------------	-------------------

CUSTO TOTAL DO PROXECTO	73.691,00 €
--------------------------------	--------------------

